

# Museos e Arquivos

## A biblioteca da Real Academia Galega. Unha visita virtual

Realizamos desta volta unha aproximación á biblioteca da *Real Academia Galega* (RAG) desde as chamadas Humanidades dixitais, nova disciplina que supón a mellora do estudo das humanidades grazas aos recursos dixitais. Para isto visitamos a páxina web da RAG, particularmente nos apartados “Biblioteca” e “Hemeroteca”, téndose consultado os informes anuais que a biblioteca presenta no Boletín da RAG, para alén da bibliografía que se cita e a celebración de entrevistas cos técnicos da institución.

A RAG constituíuse en setembro do 1906, baixo a presidencia de quen dá nome a esta revista, Manuel Murguía, nos locais da ‘Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos’ da cidade da Coruña, pasado case un ano da presentación legal dos seus estatutos e dos primeiros labores levados a cabo na biblioteca. A biblioteca da RAG creárase un ano antes, no 1905, con César Baamonde Lores como primeiro bibliotecario-arquiveiro, intelectual galeguista ao igual que Murguía, cuxa caligrafía podemos observar no libro de rexistro da biblioteca cun primeiro asento datado o 19 de decembro do 1905. Nos seus primeiros vinte anos a biblioteca iría crescendo e segundo consta nos libros de rexistro, contaría con máis de 11.000 libros no 1926; a biblioteca aumenta de forma regular, sobre todo grazas ás doazóns, e a finas dos ‘70 a colección xa contaba con preto de 29.000 monografías e 12.000 folletos.



Escudo da Real Academia Galega.

Na actualidade o seu fondo ascende a 60.000 volumes, entre libros e folletos, posuíndo 2.500 títulos de publicacións seriadas.

A biblioteca dixital, nun sentido amplo, comeza a se desenvolver a partir de 1991, grazas a un convenio coa Xunta para a súa inclusión no Catálogo Colectivo de Patrimonio Bibliográfico; comezando tamén a informatización da biblioteca e elaborándose os seus catálogos a partir das normas internacionais. Este primeiro traballo alcanzaría o proceso

técnico de 29.000 monografías, mentres que entre 1992 e 2003 incorporaríanse 11.000 libros máis, nun traballo que continúa hoxe. Na actualidade tan só unha pequena parte do seu fondo continúa sen estar presente nos catálogos automatizados -mais si nos manuais-.

A biblioteca dixital, en sentido estrito, comeza a existir no ano 2003 coa dixitalización de parte do fondo galego, grazas a un convenio coa Fundación Pedro Barrié de la Maza: é a chamada Biblioteca virtual na web da RAG, unha pequena colección, case unha mostra, consistente en pouco máis de vinte obras dos clásicos galegos. No ano 2009 comeza a dixitalización de fondos, por unha parte o fondo galego do XIX, sobre todo, froito dun convenio entre a Cidade da Cultura e a RAG no que se dixitalizaron 811 monografías e 56 revistas. Por outro lado acometeuse a dixitalización do Boletín da RAG cunha axuda do Ministerio de Cultura, este traballo abarcou todos os fondos do Boletín dende 1906 a 1980 e tamén a colección de Documentos históricos da RAG. No ano 2010 lévase a cabo a posta en marcha do Boletín en internet. No ano 2012 continúaase cos traballo na prensa e, froito de senllos convenios co Ministerio de Cultura e coa Fundación Mondariz Balneario, dixitalízanse as publicacións periódicas de finais do s.XIX e de principios do XX. Tamén nese ano a RAG puxo en funcionamento unha nova páxina web. A súa posta a punto conlevou a inclusión de diferentes contidos e imaxes referidas á Biblioteca e á Hemeroteca da institución. Xa no ano 2013 achamos a inclusión da dixitalización de publicacións periódicas e 800 títulos de monografías do s.XIX nos apartados de Hemeroteca e Biblioteca virtual, respectivamente.

### O espazo en liña

A páxina web da Biblioteca fai un bo uso das posibilidades que ofrece a rede e, ademais das coleccións dixitais, nos informa da súa historia e aparece ilustrada con imaxes moi coidadas. A estrutura principal é a seguinte: Información; Catálogo; Doazóns; Biblioteca Virtual; Monografías s. XIX, atopando en todos os apartados información sobre a propia Biblioteca.

Segundo se indica en 'Información xeral', a colección da Biblioteca da RAG arranxa en 1905 coas doazóns de obras por parte de membros fundadores e doutros autores. Das coleccións son importantes os libros do s.XIX e os folletos, así como as grandes bibliotecas particulares que van enriquecendo a biblioteca da RAG, dende as súas orixes, como son as da Condessa de Pardo Bazán, a de Manuel Murguía, a de Marcial de Adalid e a de Luís Seoane, entre outros. O fondo constitúe, pois, non só unha ferramenta valiosa en si mesma, senón tamén un índice revelador da formación e intereses culturais dos seus propietarios en orixe e, aliás, grandes das letras galegas. Trátase dunha biblioteca especializada na área das humanidades, sobre todo de Galicia. Os traballos impulsados pola institución fan que sexa a biblioteca máis importante para o estudo da lingua e da literatura galegas.

A 'Biblioteca dixital' áchase en diferentes apartados da páxina web ('Biblioteca', 'Hemeroteca', 'Arquivo', 'Publicacións', 'Recursos', adicados os dous primeiros aos recursos e os dous últimos a publicacións propias, mentres que o arquivo mostra os seus fondos e servizos, os cales poderían integrarse na biblioteca dixital da RAG). Atención diferenciada merecen as series de ilustracións que informan sobre algunhas das seccións, as cales poderían ser enlazadas aos seus contidos en moitas ocasións.

Temos obras dixitais na Biblioteca virtual, na súa sección 'Monografías s. XIX', e tamén na Hemeroteca, pois nesta última temos un apartado de 'Hemeroteca Virtual'. A información da Hemeroteca Virtual ofrécenos datos das publica-



Edificio da Real Academia Galega, A Coruña.



Placa en lembranza de Emilia Pardo Bazán; cuxa casa é a sede da Real Academia Galega e da Casa-Museo da escritora.

cións seriadas, que son 2.500 cabeceiras, mais son referidos a toda a súa colección, e non aos fondos dixitalizados, que fican en 100 títulos. Nas seccións ‘Publicacións’ e ‘Recursos’ tamén temos obras dixitalizadas. A primeira comprende as publicacións oficiais da RAG: o ‘Boletín’, os ‘Cadernos de Lingua’, os ‘Discursos’ e as obras ‘Historia’, ‘Lingua e Literatura’, para alén de ‘La Tribuna’, editada pola *Casa Museo Emilia Pardo Bazán*. A sección ‘Recursos’ amósanos diversos dicionarios, mapas, normativa e outras obras de referencia.

A Biblioteca virtual comprende as 30 monografías de trece autores, dixitalizadas na RAG no ano 2003, das que se nos dá unha versión do texto en html e unha versión en imaxe en formato jpg, ademais dunha imaxe que ilustra a capa de cada obra. É unha mostra dos primeiros proxectos de bibliotecas dixitais, onde texto e imaxes apenas permitían opcións de traballo e tampouco interconexión con outras bibliotecas. Estes fondos están tamén en *Galiciana*, a grande biblioteca dixital galega, mais notabelmente mellorados: en formato jpg e pdf, con posibilidade de recoñecemento óptico de caracteres, o que amplía as posibilidades de busca e traballo, nunha mostra dos proxectos dixitais na actualidade; doutra banda, as obras cumpren os estándares de interconexión e por isto a maior parte dos títulos está en *Hispana*, a grande biblioteca dixital española, recuperándose tamén a través de *Europeana*, a gran biblioteca dixital española. Fronte á interesante información que nos ofrece o apartado de ‘Monografías do s. XIX’, bótase en falta unha descrición desta Biblioteca virtual, se ben hai que dicir que ao se tratar dunha pequena colección, esta descríbese a si mesma.

O apartado ‘Monografías do século XIX’ pon ao dispor dos usuarios máis de 800 copias dixitais de monografías dos fondos, editadas no devandito século e referidas a Galicia polo seu autor, temática ou lugar de impresión. Con máis

de 120.000 páxinas accesíbeis en liña, a RAG achega, deste xeito, unha ferramenta fundamental para o estudo da nosa historia e a nosa cultura ao longo do s. XIX. As obras están dixitalizadas en formato jpg, aínda que con escasas utilidades. Froito dun convenio entre a RAG e a Xunta de Galicia, estas obras están en *Galiciana*, aquí con máis recursos (o que na web da RAG é una imaxe sen opcións de traballo, en *Galiciana* está dispoñíbel en formatos estándares con posibilidade de traballar no arquivo dixital e, mesmo, recuperar os seus metadatos en formato METS. Segundo indica *Galiciana*, a colección dixital da RAG ofrece 805 títulos e 857 obxectos multimedia. As obras da 'Hemeroteca Virtual', 100 títulos con artigos de preto de 2.000 autores, tamén están en *Galiciana* con copias en formato de imaxe e en formato pdf, con moitas opcións de traballo e busca.

Sen dúbida, a Biblioteca da RAG é a mellor biblioteca para o estudo das letras galegas no s. XIX, con monografías e publicacións periódicas; constituíndo unha grande biblioteca virtual galega. As coleccións deberían estar unificadas nunha estrutura que permitira o enlace entre os diversos contidos existentes: libros, revistas, fotografías; para alén de poder unificar estes fondos cos do arquivo, que en definitiva constitúe tamén unha importante fonte de información para o estudo das letras galegas, como marcamos, e para os propios temas e autores das obras da Biblioteca.

**PEDRO INCIO**